BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Venres, 16 de xuño de 2017
Núm. 115

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 10/2017, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CON OPERACIÓN DE CRÉDITO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 5 de maio de 2017, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 10/2017 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo a operación de crédito, que se fai público como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	621	Adquisición de parcela en Lugar Chan para ubicación de futura Residencia de 3ª Idade	0,00	30.047,76 €	30.047,76 €
				TOTAL GASTOS	30.047,76 €

Esta modificación finánciase con cargo ao empréstito sen xuros por importe de 30.047,76 € concedido pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión ordinaria celebrada o día 21 de abril de 2017 precisamente para o investimento denominado "Adquisición dun solar en Chan para ubicación da futura residencia da 3ª idade", de acordo co seguinte detalle:

Aplicación: económica			Descrición	Orzado	Importe do empréstito
Cap.	Art.	Conc.			
9	1	1	Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público	0,00 €	30.047,76 €
				TOTAL INGRESOS	30.047,76 €

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

Código seguro de verificación: H19JOBLSL0NQOXON

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Arbo a 8 de xuño de 2017.

O Alcalde,

Horacio Gil Expósito

Código seguro de ver f cación· H19J0BLSLONQOXON